

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO

Lugar: sala virtual nº 14 da EIDO no Campus Remoto

Data: 9 de marzo de 2022

Hora de comezo: 11:30 h

Hora de remate: 13:03 h

ASISTENTES

Antonio Pino García (director da Eido), presidente

José Luis Gómez Reboiro (xefe do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao)

Joaquín Collazo Rodríguez (director da Área de Calidade)

María Asunción Longo González (responsable de calidade dos PD do ámbito Enxeñaría e Arquitectura)

Pedro Pablo Gallego Veigas (responsable de calidade dos PD do ámbito Científico)

Susana Reboreda Morillo (responsable de calidade dos PD do ámbito Humanístico)

Paloma Morán Martínez (responsable de calidade dos PD do ámbito Campus Mar)

Juan Jesús Rico Fuentes (alumno)

Marcos Arias Acuña (subdirector da Eido), secretario

INVITADOS

José Miguel Dorribo Rivera (técnico superior de calidade da Área de Calidade)

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
2. Informe da presidencia
3. Informe das declaracións de interese para verificación e modificación de programas de doutoramento para implantar no curso 2023/24
4. Análise do informe de resultados de satisfacción das enquisas ao estudiantado do curso 2020/21, de 1º e 3º ano, e toma de accións de mellora
5. Análise do informe de resultados de satisfacción do grupo focal ao PAS de 2021, e toma de accións de mellora
6. Implantación do SGC: Nomeamento dos participantes nos grupos de traballo pendentes
7. Rolda aberta de intervencións

DELIBERACIÓNS

1 Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Apróbase por asentimento a acta da Comisión de Calidade da EIDO do 21 de decembro de 2021.

2 Informe da presidencia

O director da EIDO informa sobre:

- Verificación e Modificación dos programas para implantar no 2023/24: rematou o prazo interno da UVigo para as expresións de interese. Debateranse no punto 3.
- Renovación de acreditación:
 - Convocatoria do curso 2019/20 (PD implantados no 2013/14 con moratoria de 2 anos): recibidos todos os informes finais polo que se considera pechada. Todos con resultado FAVORABLE agás un FAVORABLE CON CONDICIÓN
 - Convocatoria do curso 2020/21 (PD implantados no 2013/14 con moratoria de 2 anos): xa recibimos todas as visitas e os informes finais favorables de Tradución e Paratradución e de Estudos Lingüísticos.
 - Convocatoria do curso 2021/22 (PD implantados no 2014/15 con moratoria de 2 anos):
 - Coordinado pola Universidade de Vigo: temos o PD en Análise Económica e Estratexia Empresarial, cun prazo para cargar a documentación en Avalía o 31 de marzo.
 - Non coordinados por nós: PD en Eficiencia Enerxética (UPV), en Química Teórica e Modelización Computacional (UAM) e en Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable (UdC, neste caso implantado no 2015/16 con moratoria de 1 ano).
- Seguimento 2022: os PD en Creatividade e Innovación Social e Sostible e en Auga, Sustentabilidade e Desenvolvemento (ambos os dous implantados no 2017/18) farán seguimento externo, cun prazo para cargar a documentación ata finais de maio.
- SGC: situación do sistema: no Comité de dirección de decembro presentouse o proxecto de implantación do SGC e acordouse que a Eido se presente á acreditación institucional no fin de 2022, condicionado á certificación previa do sistema. Está rematado o proceso de Información Pública e xa tivemos a primeira reunión do proceso de Xestión Documental. A planificación actual consiste en completar 2 procesos cada mes ata xuño. Está previsto realizar actividades formativas para sensibilización e implantación para CAP / áreas académicas. 1 cada 2-3 meses para explicar os procesos xa desenvolvidos.
- Medición de satisfacción: seguimos coa programación aprobada na Comisión. En outubro de 2021 realizáronse as enquisas a estudantes (1º e 3º ano) e en novembro de 2021 por primeira vez se mediu a satisfacción do PAS, a través dun grupo focal. A previsión para 2022 é que o

Observatorio realice a enquisa a egresados desde 1990 ata o 2019, e as enquisas a PDI e Estudantes do 2021/22 en xullo e outubro de 2022, respectivamente.

- HR: No primeiro e segundo trimestre de 2022 estase a realizar un Ciclo de relatorios temáticos. En 2022 realizarase a renovación da acreditación: informe interno para setembro 2022 + visita de avaliación CE 4ºT 2022/1ºT 2023. A EIDO participará na fase R1 xunto cos investigadores en formación.

Infórmase que a vindeira reunión será o día 25 de marzo as 12 horas.

3 Informe das declaracións de interese para verificación e modificación de programas de doutoramento para implantar no curso 2023/24

O subdirector da EIDO comenta que as declaracións de interese foron:

- Verificación
 - Nanociencia e biomedicina: é unha transformación do actual programa en Ciencia e Tecnoloxía de Coloides e Interfaces, ampliando as súas liñas as do CINBIO. Supón unha nova verificación ao cambiar o nome e ampliar as liñas.
 - Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria: Ampliar o número de prazas ofertadas, reducir e agrupar as liñas de investigación, actualizar os datos de altas e baixas no profesorado, incluír información actualizada sobre as Escolas de Doutoramento de ambas universidades, os seus SIGC e verificar as URL e normativas referidas na memoria orixinal.
Coa publicación do RD 822/2021 será probablemente verificación por ampliar a oferta de prazas (pendente de confirmar por ACSUG).
- Modificación
 - Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria: Actualización da memoria tendo en conta a nova regulamentación de estudos de doutoramento; actualización das liñas de investigación.
 - Sistemas Software Intelixentes e Adaptables: realización de modificacións menores no título de modo que se atendan as recomendacións dadas polo comité asesor na súa última visita para renovación da acreditación.

Apróbanse por asentimento informar favorablemente as expresións de interese, estando condicionada nos últimos dous programas a que cheguen os informes da renovación da acreditación antes da data que teñen para elaborar as memorias.

4 Análise do informe de resultados de satisfacción das enquisas ao estudantado do curso 2020/21, de 1º e 3º ano, e toma de accións de mellora

O subdirector da EIDO analiza os resultados das enquisas:

- A participación dos estudantes de primeiro curso foi do 48,56%, similar as dos outros cursos. O resultado medio foi do 4,19, cunha tendencia positiva nos últimos 3 anos e moi superior ao obxectivo de calidade que no curso 2020/21 era de 3,60. Pregunta a pregunta, por debaixo de 3,60 só aparece o tema de Información sobre bolsas/contratos.
- A participación dos estudantes de terceiro curso foi do 49,75%, similar as dos outros cursos. O resultado medio foi do 3,97, cunha tendencia positiva nos últimos 6 anos, e moi superior o obxectivo que no curso 2020/21 era de 3,60. Pregunta a pregunta, por debaixo de 3,60 aparecen os tema de Información para mención internacional/industrial, bolsas/contratos na etapa de formación, bolsas/contratos posdoutorais, saídas profesionais e trámites para a defensa de tese.

O técnico superior de calidade da Área de Calidade comenta que á vista do resultado da enquisa podemos concluír que temos mellorado en xeral en tódolos apartados.

A Comisión de calidade acorda por asentimento aprobar as seguintes accións de mellora:

- Fomentar á participación nas enquisas, especialmente a nivel de titores e CAPD.
- Rematar a nova Web incluíndo nela os puntos de información pendentes
- Falar cos estudantes sobre como debería mostrarse a información que demandan
- Sincronizar a información ofrecida pola EIDO coa ofrecida por Recursos humanos en Investigación

5 Análise do informe de resultados de satisfacción do grupo focal ao PAS de 2021, e toma de accións de mellora

O subdirector da EIDO analiza os resultados de satisfacción do grupo focal ao PAS: a participación foi do 38,1%, mentres que a satisfacción global foi do 3,33, sendo do 3,12 en Ourense, do 2,73 en Pontevedra e do 3,66 en Vigo. Por riba do obxectivo de calidade do 3,6, previsto para 2022, só estiveron os apartados de Xestión do coordinador, Contacto co estudantado e Coordinación con outros servizos. Os valores menos favorables afectan ás ferramenta dispoñibles en doutoramento, á dotación de persoal e á formación en doutoramento, con valores inferiores a 3 (2,54, 2,69 e 2,88 respectivamente).

O técnico superior de calidade da Área de Calidade informa sobre os aspectos técnicos do grupo focal: como se dividiu ao PAS en catro grupos focais, e para cada grupo as fases de cuestionario, de valoración xeral dos programas, de valoración de cada programa e a de suxestións.

A Comisión de calidade acorda por asentimento aprobar as seguintes accións de mellora:

- Mellorar á participación nas enquisas
- Usar as ideas aportadas nos grupos focais para mellorar os aspectos peor valorados especialmente nos Campus de Ourense e Pontevedra
- Incrementar as sesións de formación do PAS, especialmente as relativos a cambios na plataforma informática

6 Implantación do SGC: Nomeamento dos participantes nos grupos de traballo pendentes

O técnico superior de calidade da Área de Calidade informa sobre os próximos procesos dos que crearemos os grupos de traballo. A proposta da composición de cada un deles é:

- Aprendizaxe e avaliación dos doutorandos
 - 1 / 2 PDI Comisión de Calidade
 - 2 / 3 Estudantes
 - 2 / 3 Resp. Calidade dos PD
 - 3 Xefes Área Académica
 - Xefe Sección Doutoramento do SXEP
 - Quen xestione a base de datos de direccións de teses na Eido
- Autorización e defensa da tese
 - 1 / 2 PDI Comisión de Calidade
 - 2 / 3 Estudantes
 - 2 / 3 Resp. Calidade dos PD
 - 3 Xefes Área Académica
 - Xefe Sección Doutoramento do SXEP
 - Quen xestione as teses e os tribunais na Eido
 - 1/2 administradores
- Xestión dos programas
 - 1 / 2 PDI Comisión de Calidade
 - 1 / 2 Estudantes
 - 2 / 3 Resp. Calidade dos PD
 - Vicerreitor de Ordenación Académica
 - Xefe Sección Doutoramento do SXEP

- Quen xestione as memorias en Posgrao
 - Xefe/a da Área de Programación de Novos Estudos de Posgrao
- Xestión da Mobilidade
 - 1 / 2 PDI Comisión de Calidade
 - 1 / 2 Estudantes
 - 2 / 3 Coordinadores PD
 - 2 Xefes Área Académica
 - Xefe Sección Doutoramento do SXEP
 - Vicerreitora de Investigación
 - Dirección Técnica da ORI
- Xestión de Persoal
 - 1 / 2 PDI Comisión de Calidade
 - 1 / 2 Estudantes
 - 3 Coordinadores PD
 - 3 Xefes Área Académica
 - 2 Administradores
 - Xefe Servizo PAS / Xerencia (?)
 - Vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado
 - Dirección EAFP

Como PDI da Comisión de Calidade, ofrécense como voluntarios:

- Aprendizaxe e avaliación dos doutorandos: Paloma Morán Martínez
- Autorización e defensa da tese: Pedro Pablo Gallego Veigas
- Xestión dos programas: Ángeles Parrillas Latas
- Xestión da mobilidade: Ángeles Parrillas Latas
- Xestión de persoal: Susana Reboreda Morillo

A Comisión de calidade acorda por asentimento constituír estes grupos de traballo.

7 Rolda aberta de intervencións

Non hai.

ACORDOS

1 Apróbase a acta da Comisión de Calidade da EIDO do 21 de decembro de 2021.

2 Apróbanse as expresións de interese dos programas de doutoramento, estando as dúas modificacións condicionadas a que cheguen os informes da renovación da acreditación antes da data que teñen para elaborar as memorias

3 Apróbanse 4 accións de mellora relativas as enquisas ao estudantado do curso 2020/21, de 1º e 3º ano

4 Apróbanse 3 accións de mellora relativas aos resultados de satisfacción do grupo focal ao PAS de 2021

5 Acordase constituír 5 grupos de traballo do SGC

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto esta acta como secretario.

O secretario,

Visto e prace
O presidente